



2 | Aprobación no Consello da Estratexia de inclusión social 2014-2020 cun orzamento superior aos 520 millóns, máis do dobre do que tiña o plan anterior

Entre as novas actuacións, Feijóo destaca que se habilitarán vivendas de titularidade da Xunta como vivendas de carácter asistencial; ou recursos de aloxamento transitorio que permitan o desenvolvemento de programas de acompañamento integral para persoas sen vivenda

3 | O Consello da Xunta aproba a axuda extraordinaria de 206 euros para os 43.000 perceptores de pensións non contributivas

4 | O Consello Autonómico de Atención Temprá aproba o protocolo de coordinación, intervención e derivación entre a sanidade, a educación e os servizos sociais

14 | O Goberno aproba elevar o salario mínimo interprofesional ata os 648,60 euros mensuais en 2015

12 | Informe do paro rexistrado

Galicia pecha o mes de decembro cun total de 251.918 persoas en situación de desemprego

18 | Publicacións

Catálogo de publicacións na web

Traballo convoca máis de 2.100 prazas para o recoñecemento das competencias profesionais a través da experiencia laboral

A Xunta e a Inspección de Traballo reforzarán os seus controis en 2015 a través da realización máis de 37.000 actuacións



Sumario	Política social	2-7	Xuventude e voluntariado	16-17
	Traballo	8-15	Publicacións	18-19
	Informe do paro rexistrado	12-13	Normativa	20-30

Créditos	Edita: Consellería de Traballo e Benestar
	Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
	Coordinación: Pepa Dabán Royo
	Maquetación: Antonio Lameiro Ces
ISSN: 2254-7835	



A Estratexia de inclusión social contará cun investimento de máis de 520 millóns e axudará os emigrantes retornados en especial vulnerabilidade

- Entre as novas actuacións, Feijóo destaca que se habilitarán vivendas de titularidade da Xunta como vivendas de carácter asistencial; ou recursos de aloxamento transitorio que permitan o desenvolvemento de programas de acompañamento integral para persoas sen vivenda
- Esta estratexia conta cun investimento dun 126 por cento superior ao consignado no anterior plan, dotado con 230 millóns
- As dúas partes máis importantes serán as rendas de inclusión social e programas de fomento de contratación de persoas en risco de exclusión, cunha partida de 400 millóns.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2014. Tal e como xa anunciara no Parlamento, o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, destacou a aprobación da Estratexia de inclusión social, unha folla de ruta na materia que desenvolve o establecido na Lei de inclusión social.

Feijóo lembrou que hai un mes se elaboraba o primeiro borrador desta iniciativa, cuns obxectivos prioritarios: a loita contra a pobreza infantil; a redución das consecuencias da exclusión territorial; un novo pulo á inserción

no mercado laboral; e unha aposta pola prevención nos casos de especial vulnerabilidade. E para a consecución destes obxectivos actuarase de xeito transversal con actuacións específicas destinadas a familias en situación de especial vulnerabilidade, promovendo a participación cada vez con máis intensidade das entidades de iniciativa social; consolidando e mellorando os procesos de coordinación entre a Administración e estas entidades; atendendo de xeito específico factores de exclusión social de determinados

grupos de poboación; favorecendo a inserción laboral e mellorando o acceso á vivenda; e promovendo o acceso á educación e á formación.

“Grandes eixos que se traducen en medidas concretas que xa comentabamos no seu día, como: a proposta de acondicionar e reformar, con fondos europeos, as infraestruturas destinadas a servizos de atención de necesidades básicas, como comedores sociais ou albergues; introducir nos proxectos de inserción módulos formativos de motivación e acompañamento das persoas e as súas familias para apoiar os procesos de integración social e laboral; ou crear unha bolsa de horas para a realización de accións de mediación intercultural co colectivo inmigrante e con minorías étnicas nos ámbitos clave como a sanidade ou a vivenda”, engadiu.

Tras un mes de intenso diálogo, o titular da Xunta subliñou que o texto se enriquecen de xeito salientable coas suxestións e alegacións achegadas polas entidades sociais. Así, grazas a estas achegas, a estratexia contará finalmente con 22 medidas a maiores, facendo un total de 316.

Entre as novas medidas, Feijóo destacou o apoio á mellora das capacidades básicas e ás competencias clave da poboación adulta, incluídas as persoas inmigrantes; a potenciación da formación dual adaptada ás necesidades de contratación dos sectores produtivos galegos; e reforzar as medidas de apoio dirixidas ás familias monoparentais.

No eido da vivenda, o responsable do Goberno galego afirmou que se habilitarán vivendas de titularidade da Xunta como vivendas de carácter asistencial; ou recursos de aloxamento transitorio que

permitan o desenvolvemento de programas de acompañamento integral para persoas sen vivenda.

Así mesmo, facilitaranse axudas extraordinarias aos emigrantes retornados en situación de especial vulnerabilidade.

Para poñer en marcha todas estas medidas, o plan contará cun orzamento mínimo de 522 millóns de euros, que podería ampliarse e que supón un investimento un 126 por cento superior ao consignado no anterior plan dotado con 230 millóns. “En resumo, aprobamos hoxe unha auténtica folla de ruta pola inclusión social, con 300 medidas e un orzamento de 522 millóns de euros”, concluíu Feijóo.

Esta estratexia desenvolverase en tres plans operativos –cada

un deles cunha duración de dous anos–; e as dúas partes máis importantes serán as rendas de inclusión social e programas de fomento de contratación de persoas en risco de exclusión, cunha partida de 400 millóns. “Polo tanto, imos seguir destinando diñeiro a rendas de inclusión social e imos investir case 70 millóns no que se refire á contratación de persoas en risco de exclusión”, dixo.

No eido das axudas de inclusión social destacou que se destinarán 31 millóns de euros; 15 millóns de euros para accións específicas de inclusión social, e 19 millóns para programas específicos de inclusión social realizados directamente polas entidades de iniciativa social.

http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/estratexia_inclusion_social_galicia_2014_2020.pdf



O Consello da Xunta aproba a axuda extraordinaria de 206 euros para os 43.000 perceptores de pensións non contributivas

- O Goberno galego investirá case 9 millóns de euros para o pagamento deste complemento, que só manteñen na actualidade outras tres comunidades autónomas
- O pago realízase de oficio a todas as persoas que cumpran as condicións a través dunha transferencia bancaria
- Os pensionistas deberán cumprir dous requisitos: ter residencia habitual en Galicia e estar en situación de alta en nómina de pensións non contributivas desde o 1 de xaneiro ata a data de entrada en vigor do decreto, o mesmo día da súa publicación no DOG

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2014. O Consello da Xunta aprobará esta semana o complemento extraordinario de 206 euros que recibirán a principios do mes de xaneiro os algo máis de 43.000 perceptores de pensións non contributivas da

Seguridade Social (PNCS); do Fondo de Asistencia Social (FAS) e do subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM).

O Goberno galego investirá preto de 9 millóns de euros nestas axudas. Aboaranse mediante un pagamento único a través

dunha transferencia bancaria que se realizará de oficio nas contas correntes onde estas persoas teñen domiciliado o recibo ordinario da súa prestación. Polo tanto, os beneficiarios non teñen que realizar ningún tipo de solicitude ou trámite adicional.

Actualmente, só outras tres comunidades autónomas, ademais de Galicia, manteñen un complemento destinado a este colectivo: Andalucía, Cataluña e Extremadura. Galicia é unha das rexións que abona a contía máis elevada aos beneficiarios.

En concreto, en Galicia hai actualmente 42.710 perceptores de PNC (pensionistas de

ubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva); 10 beneficiarios de FAS (persoas anciáns e enfermas con incapacidade para o traballo beneficiarias de axudas periódicas individualizadas); e 450 perceptores do SGIM (persoas cunha minusvalidez que reciben o subsidio de garantía de ingresos mínimos).

Os beneficiarios deberán cumprir dous requisitos: ter a residencia habitual en Galicia e estar en situación de alta en nómina, é dicir, ser xa pensionista na data 1 de xaneiro de 2014 e permanecer nesta situación na data de entrada en vigor do decreto (o mesmo día da súa publicación no DOG).

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20141217/AnuncioC3B0-111214-0001_gl.pdf



O Consello Autonómico de Atención Temperá aproba o protocolo de coordinación, intervención e derivación entre a sanidade, a educación e os servizos sociais

- ▶ A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato; a de Sanidade, Rocio Mosquera; e o titular de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Jesús Vázquez; participaron nesta xuntanza
- ▶ Este protocolo permitirá dispor dunha metodoloxía común de actuación entre os tres sistemas que comprende a rede galega de atención temperá
- ▶ O documento aborda tanto a detección precoz e a derivación, como a valoración e a intervención.



Santiago de Compostela,

22 de decembro de 2014.-

O Consello Autonómico de Atención Temperá reuniuse en sesión extraordinaria, coa finalidade de aprobar o protocolo de coordinación de atención temperá, un fito na historia da autonomía que permitirá acadar a complementariedade das intervencións, evitando a duplicidade de servizos e garantindo, en todo caso, un único modelo de intervención para os tres sistemas: saúde, educación e servizos sociais. Na xuntanza participaron a conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato; o de Cultura e Educación, Jesús Vázquez; e a de Sanidade, Rocio Mosquera.

Segundo explicou Mato, presidenta deste consello durante este ano 2014, "trátase dunha rede imprescindible se queremos ofrecer unha atención verdadeiramente integral e eficiente, que satisfaga as necesidades e dereitos dos nenos e as súas familias", tendo en conta que a atención temperá incide directamente nos nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos de desenvolvemento ou risco de padecerlos e no benestar das súas familias. Mato engadiu que "é unha rede que vai significar un xeito uniforme de traballar que garanta a atención temperá".

A atención temperá é o conxunto de intervencións dirixidas a poboación infantil de 0 a 6 anos, a súa familia e ao seu contorno, tendo por obxectivo dar resposta ás necesidades, transitorias ou

permanentes que presenten os nenos e nenas con trastorno no desenvolvemento ou en risco de padecerlos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.

Deste xeito, o protocolo establece cada unha das fases de actuación cos menores que presentan trastornos do desenvolvemento ou risco de padecerlos, así como os procesos de intervención coas súas familias, definindo en cada fase o obxecto desta, os ámbitos e os procedementos.

No que se refire á fase de detección precoz, cómpre destacar, no eido da sanidade, a importancia do diagnóstico e tratamento prenatal, que implica aos profesionais sanitarios que participan no seguimento do embarazo e do parto, así como aos profesionais da pediatría.

Pero a detección tamén pode producirse nos servizos sociais a través da rede de escolas infantís, dos servizos sociais comunitarios ou especializados, e no sistema educativo, nomeadamente no alumnado do segundo ciclo de educación infantil.

Na segunda fase, a de derivación, no caso de confirmar a sospeita de trastorno no desenvolvemento os servizos de pediatría derivarán ao menor e a súa familia, xa sexa ás unidades de atención temperá existentes nos complexos hospitalarios ou ben aos centros e programas de desenvolvemento infantil e atención temperá do sistema de servizos sociais.

O segundo núcleo, o de valoración e intervención, está dividido en catro fases: acollida, valoración, intervención e avaliación.

En canto á finalización da atención temperá, esta prodúcese principalmente cando se cumpren os obxectivos establecidos ou cando o neno cumpre os 6 anos de idade. Neste último caso, faise necesario garantir a existencia dun nexo de continuidade cos servizos destinados ás persoas maiores de

6 anos (tanto no sistema educativo, como no sanitario ou nos servizos sociais).

Todas estas fases están perfectamente desenvolvidas no Protocolo e nelas recóllese unha coordinación total entre os tres departamentos. Nesta mesma liña, a conselleira de Sanidade, Rocio Mosquera Álvarez, destacou a importancia da integración e coordinación entre os diferentes dispositivos existentes e dependentes das

<http://atenciontemprana.com/novo-protocolo-de-coordinacion-intervencion-e-derivacion/>



O Consello Autonómico de Atención Temperá aproba o protocolo de coordinación, intervención e derivación entre a sanidade, a educación e os servizos sociais

diferentes consellerías implicadas na Rede de atención temperá.

Destacou, en primeiro lugar, o papel central e regulador que desenvolven os profesionais sanitarios na detección, valoración e derivación destes nenos, así como a relevancia dos servizos de rehabilitación hospitalarios. En segundo lugar, tamén salientou a importancia de establecer criterios claros de entrada na rede galega de Atención Temperá, diferenciando ben aqueles problemas que son de indicación hospitalaria.

A conselleira de Sanidade afirmou que hai que continuar traballando e de cara o futuro é imprescindible ir normalizando e adecuando as estruturas dos actuais servizos que participan na atención temperá ás necesidades reais detectadas.

Liñas estratéxicas

Doutra banda, o Consello presentou o documento que recolle as liñas estratéxicas da acción temperá en Galicia, que elaborou na Consellería de Trabajo e Benestar (que exerce a Presidencia rotatoria ata marzo) en base ás achegas realizadas por todos os departamentos.

Unhas liñas que van marcar a folia de ruta da acción coordinada do Goberno e que se dividen en sete ámbitos de actuación: información e sensibilización, formación, planificación e programación, o desenvolvemento do protocolo de coordinación que vimos de aprobar, a participación e o apoio familiar, a innovación e investigación, e a calidade.

Ademais, o documento inclúe varios anexos con información práctica como un listado cos criterios de entrada na Rede galega de atención temperá; outro coas patoloxías infantís subsidiarias de rehabilitación; un documento de referencia para a clasificación diagnóstica dos trastornos do desenvolvemento; e un catálogo dos recursos de atención temperá que existen actualmente na nosa Comunidade, entre outros.

A carteira de servizos de familia incorpora a posibilidade da atención nocturna nas casas niño e no servizo de axuda no fogar para a infancia

- ▶ Feijóo resalta que esta iniciativa busca prestar unha atención máis eficiente, á vez que se ofrece un mellor servizo e se logra un maior nivel de personalización
- ▶ Supón un cambio de paradigma: dun, centrado nos equipamentos, a un que pon o acento nos servizos e que "combina os recursos a medida das necesidades"
- ▶ Este paquete comezará a aplicarse ao longo do primeiro semestre de 2015, seguindo a estela da carteira de servizos de atención á dependencia, xa publicada, e anticipando as carteiras de servizos de inclusión e de servizos para persoas con autonomía

Santiago de Compostela,

04 de decembro de 2014.-

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, destacou, na rolda de prensa do Consello, que a carteira de servizos de familia incorpora a posibilidade de atención nocturna, nas casas niño e no servizo de axuda no fogar para a infancia. Destacou que estas medidas supoñen un xiro no "modelo de atención tradicional", pois deixan de centrarse nos equipamentos para poñer o acento na prestación de servizos.

O borrador do decreto que regula a nova carteira de servizos de infancia, familia e adolescencia comezará a aplicarse ao longo do primeiro semestre de 2015. Feijóo lembrou que o modelo de carteiras na prestación de servizos sociais que está a impulsar a Xunta

permite deseñar e "combinar os recursos á medida das necesidades das persoas", buscando unha atención "máis ampla, diversa e innovadora".

"Trátase de ampliar o catálogo de servizos sociais públicos coa optimización dos recursos e as infraestruturas existentes", aseverou o titular do Goberno galego, ao que engadiu que dentro deste novo modelo xa se publicou a carteira de servizos de atención á dependencia, que entrou en vigor hai un ano, e xa se está traballando na carteira de servizos de inclusión e na de servizos para persoas con autonomía.

Máis polo miúdo, Feijóo salientou que a carteira de servizos de familia busca modificar o modelo de atención tradicional, deixando

de basearse en equipamentos e centrándose en cada un dos servizos que se poden levar a cabo neles. Deste xeito, e se cumpre os requisitos necesarios, cada instalación poderá prestar máis dun recurso: "Por exemplo, unha escola infantil non ten por que limitarse a escola infantil se está capacitada e ten posibilidades de prestar tamén servizos de ludoteca ou de formación e orientación a pais e nais".

O presidente da Xunta incidiu en que o obxectivo é buscar ser máis eficiente e, ao tempo, ofrecer un mellor servizo e lograr un maior nivel de personalización ao diferenciar os recursos en función do colectivo ao que van dirixidos.

Nesta liña, a carteira estrutúrase ao redor de dous eixos: a área de servizos xerais, para familias sen necesidades especiais; e a área de servizos específicos, na que se inclúen familias numerosas, familias monoparentais, con persoas maiores ou con discapacidade ao cargo, familias adoptantes, menores en situación de risco ou desamparo e menores infractores. En todos eles recóllese a definición do servizo, o contido mínimo e as prestacións que debe conter.

<http://benestar.xunta.es/web/porta/portada>



Benestar formará 1.600 cuidadores non profesionais de persoas dependentes a través de máis de 110 accións

- ▶ O Plan de formación para coidados no contorno familiar da Consellería inclúe nesta edición novidades como a posta en marcha de cursos específicos para persoas coidadoras de menores ou obradoiros para coidados no domicilio
- ▶ Ademais, e, por primeira vez, elaborárase un manual de formación para persoas usuarias da prestación de asistente persoal, ao tempo que se impartirán cursos neste eido
- ▶ Crearanse tamén 20 grupos de autoaxuda co obxectivo de que exista un lugar de encontro entre coidadores
- ▶ A meirande parte das diferentes accións xa comezaron a impartirse e moitas rematarán antes de que acabe o ano
- ▶ O departamento autonómico formou ata o de agora a través deste programa, que puxo en marcha en 2010, a preto de 8.000 coidadores e coidadoras non profesionais a través de 337 cursos formativos.

Santiago de Compostela, 8 de decembro de 2014.- A Consellería de Trabajo e Benestar vén de poñer en marcha unha nova edición do Plan de formación para coidados no contorno familiar de persoas dependentes, unha iniciativa coa que se formará a máis de 1.600 coidadores non profesionais a través de máis de 110 accións formativas.

Esta actuación, que se encastra no programa 'Xuntos nos Coidados' inclúe nesta edición novidades: ademais dos cursos de formación básicos e os específicos para coidadores non profesionais de persoas dependentes con demencia, poranse en marcha cursos específicos para coidadores de menores de idade e para usuarios de asistencia persoal, así como obradoiros de aplicación práctica dos coidados no domicilio. Así mesmo, crearanse, por primeira vez, grupos de autoaxuda para formar lugares de encontro, onde os coidadores poidan recibir formación, atención psicosocial e ocio terapéutico, ao tempo que se poidan relacionar con persoas que vivan as mesmas circunstancias. A meirande parte das diferentes accións xa comezaron a impartirse e moitas rematarán antes de que acabe o ano.

En primeiro lugar, con respecto aos cursos de formación

básica, está previsto que participen 450 coidadores e coidadoras nas 18 accións que se levarán a cabo nas 7 grandes cidades, tendo en conta que a Consellería xa ten desenvolvidos 240 cursos na meirande parte dos concellos galegos.

http://benestar.xunta.es/web/portal/dependencia/servizos-para-o-coidador?d_m=360

Como continuación aos manuais de formación específicos xa publicados, este ano elaborárase unha guía dirixida a persoas coidadoras de menores en situación de dependencia. Ademais, impartiranse, de cara a 2015, 7 cursos formativos e 7 obradoiros.

En terceiro lugar, realizáranse 7 accións de seguimento e reforzo de formación de persoas coidadoras de persoas en situación de dependencia con demencia, tendo en conta que ao longo dos últimos 4 anos téñense desenvolvidos 67 cursos neste eido. O obxectivo agora é realizar unha avaliación dos resultados da formación inicial e, ao mesmo tempo, dotar ao programa dun carácter continuo.

Con respecto aos obradoiros de aplicación dos coidados no domicilio, está prevista a realización

dun total de 45 en contornos rurais de elevada dispersión. Do que se trata é de chegar aos fogares dos coidadores que non poden realizar os cursos.

A quinta actuación do plan céntrase na elaboración dun manual de formación para persoas usuarias da prestación de asistencia persoal, así como a impartición de cursos neste ámbito. Está previsto levar a cabo 7 cursos formativos dirixidos especificamente a estas persoas que inclúen, entre outras accións, ofrecer información sobre produtos de apoio que melloren o coidado da persoa dependente ou orientar sobre os recursos sociosanitarios na súa área de influencia.

Por último, e con respecto aos grupos de autoaxuda, está prevista a posta en marcha dun total de 20.

8.000 beneficiarios desde 2010

A Consellería de Trabajo e Benestar puxo en marcha o Plan de formación para coidados no contorno familiar no ano 2010 levando a cabo ata o momento 337 accións formativas na meirande parte dos concellos galegos a través das que formou a preto de 8.000 coidadores e

coidadoras non profesionais. A través desta iniciativa, o departamento autonómico elaborou o manual básico de formación para as persoas coidadoras non profesionais, a guía para coidados no contorno familiar e manuais especializados para persoas coidadoras de enfermos mentais e crónicos. A través destes documentos garántese a

calidade dos contidos formativos e o seguimento duns criterios homoxéneos en toda a comunidade. Estas guías poden consultarse a través da web <http://benestar.xunta.es/web/portal/guías>.

O obxectivo do plan é mellorar a calidade do servizo e da atención que prestan os coidadores non profesionais, dándolles

información, formación e o apoio necesario para mellorar os coidados segundo as características e situación do dependente. Ao mesmo tempo, preténdese poñer á disposición destas persoas unha formación que lles sirva de ferramenta na atención dirixida ás persoas dependentes facilitándolles unha posible inserción laboral.

Feijóo gaba a exposición 'Mirar con tacto' porque "derruba barreiras" para as persoas con discapacidade, como o fai a nova Lei de accesibilidade

A Coruña, 1 de decembro de 2014.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, garantiu o compromiso do Goberno galego coa discapacidade cunha achega, en 2015, de preto de 18 millóns de euros para que 2.000 traballadores con discapacidade poidan acceder a un emprego.

Durante a inauguración da exposición "Mirar con Tacto", organizada pola fundación María José Jove, Feijóo precisou que dentro desta partida para a discapacidade están incluídos os centros especiais de emprego, cuxo orzamento medra un catro por cento.

Así mesmo, o titular do Executivo autonómico lembrou a aprobación no Parlamento galego da nova Lei de accesibilidade. Este texto reforma o

anterior –vixente desde 1997— e supón un paso máis no camiño cara á accesibilidade universal e no esforzo de derrubar cada vez máis barreiras.

O presidente da Xunta louvou os esforzos da Fundación María José Jove para tirar estes muros e procurar a integración. No seu haber teñen proxectos como o propio "Mirar con Tacto" ou "Esfuerzo", que busca aumentar a participación das persoas con discapacidade funcional mediante o deporte. Todo isto na procura "dunha sociedade máis inclusiva e integradora, dunha sociedade real", que reivindicou Feijóo.

Tamén incidiu en que as persoas con discapacidade son un colectivo prioritario para o Goberno autonómico e, nesta liña, recalcou que nos últimos dous anos o orzamento destinado á integración

- ▶ O presidente garante o seu compromiso coa integración mediante a achega, en 2015, de preto de 18 millóns para que 2.000 persoas con discapacidade poidan acceder a un emprego
- ▶ A lei aprobada hai poucos días no Parlamento supón un paso máis no camiño cara á accesibilidade universal e no esforzo de derrubar cada vez máis barreiras
- ▶ Recalca que nos últimos dous anos o orzamento destinado á integración social medrou un 8,6%, ata situarse nos 100 millóns de euros
- ▶ Entre 2009 e este ano, a Xunta creou 848 novas prazas públicas en residencias, centros ocupacionais e de día. Galicia conta cun total de 5.000 prazas para persoas con discapacidade financiadas polo Goberno autonómico.

social medrou un 8,6%, ata situarse nos 100 millóns.

Cómpre salientar tamén que entre 2009 e este ano a Xunta creou 848 novas prazas públicas en residencias, centros ocupacionais e de día. Alén diso, hoxe Galicia conta cun total de 5.000 prazas para persoas con discapacidade financiadas polo Goberno autonómico.

Ao longo da súa intervención, o responsable do Goberno galego afirmou que esta exposición supón a caída doutro muro. "Esta mostra da arte que se pode tocar é un paso máis. Outra máis levada a cabo nos últimos anos para favorecer a integración das persoas con discapacidade visual", afirmou.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20141217/AnuncioC3B0-111214-0001_gl.pdf



Traballo convoca máis de 2.100 prazas para o recoñecemento das competencias profesionais a través da experiencia laboral

- ▶ Trátase da sétima convocatoria do procedemento e recolle un total de nove cualificacións
- ▶ Convócanse por primeira vez as de xestión de servizos para o control de organismos nocivos, extinción de incendios e salvamento e transporte sanitario
- ▶ Entre todas, destacan polo seu volume as de atención sociosanitaria, xa que son case a metade das convocadas, en total 1.160 prazas
- ▶ En total 7.641 persoas pasaron xa este procedemento, das que 4.171 obtiveron un certificado de profesionalidade e 751 obtiveron acreditacións parciais de unidades de competencia.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2014.- A Consellería de Trabajo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Emprego e Formación, publica (DOG nº233, do 04.12.2014), a sétima convocatoria do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral.

Convócanse un total de 2.110 prazas para 9 cualificacións: atención sociosanitaria a persoas no domicilio (598 prazas); atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (562 prazas); servizos para o control de pragas (50 prazas); socorrismo en espazos acuáticos naturais (200 prazas); socorrismo en instalacións acuáticas (300 prazas); información xuvenil (50 prazas); xestión de servizos para o control de organismos nocivos (50 prazas); extinción de incendios e salvamento (100 prazas); e transporte sanitario (200 prazas).

Estas 3 últimas cualificacións (xestión de servizos para o control de organismos nocivos, extinción de incendios e salvamento e transporte sanitario) convócanse por primeira vez, mentres que

das outras especialidades xa se realizaron varias convocatorias. En concreto, de atención sociosanitaria esta é a quinta convocatoria; e de socorrismo, servizos de control de pragas e información xuvenil é a terceira.

As cualificacións convocadas responden a necesidades ou demandas de acreditación, en moitos casos por tratarse de actividades ou profesións reguladas por normativa europea, estatal ou autonómica, que establece que será requisito imprescindible para desempeñar a ocupación ou profesión posuír un título ou certificado de profesionalidade que acredite a súa cualificación profesional. En moitos casos os traballadores veñen desempeñando durante anos unha profesión que corren o risco de perder se non logran esa acreditación oficial. É o caso dos profesionais de atención sociosanitaria, do socorrismo, do control de pragas, e do transporte sanitario.

Reserva para a lista de espera

Entre todas as cualificacións destacan polo seu volume as de atención sociosanitaria, xa que

<http://traballo.xunta.es/portada-certificados-de-profesionalidade>



son case a metade das convocadas, en total 1.160 prazas. No total destas prazas convocadas, unha parte importante resérvase para as persoas que quedaron en lista de espera na anterior convocatoria, co que estas persoas entran directamente nesta convocatoria, non necesitan inscribirse de novo, nin presentar documentación.

Na páxina web de Trabajo e Benestar publícanse, xunto coa resolución de convocatoria, as listaxes de persoas en lista de espera na anterior convocatoria. Estas persoas só terán que estar pendentes de que, posteriormente, a partires do 15 de decembro, se publique na páxina web o calendario de asesoramento, no que se lles indica lugar, día e hora para comezar coas sesións de asesoramento.

Pola súa banda, os novos candidatos, deberán cubrir e presentar o modelo de solicitude e o modelo de curriculum vitae europeo que se xuntan como anexo

na resolución de convocatoria, e xuntar a documentación xustificativa da súa experiencia profesional e/ou formación non formal: vida laboral, contrato de traballo ou certificado de empresa ou diplomas dos cursos de formación. Disporán dun mes para inscribirse, ou sexa, ata o 3 de xaneiro de 2015, salvo para as cualificacións de extinción de incendios e salvamento e transporte sanitario, nas que o prazo para inscribirse será do 15 de febreiro ao 15 de marzo de 2015.

Con esta convocatoria dáse-lle continuidade ás que se veñen publicando desde 2011, con preto de 2.000 prazas anuais. En total lévanse convocado 7.581 prazas, ás que hai que sumar as 2.110 deste ano (o que fai un total de preto de 10.000). En total 7.641 persoas pasaron xa polo procedemento, das que 4.171 obtiveron un certificado de profesionalidade e 751 obtiveron acreditacións parciais de unidades de competencia.

A Xunta ultima a implantación dun manual de control de subvencións que reforzará a partir de xaneiro as inspeccións na formación

- ▶ A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu no Parlamento, a petición propia, para dar conta do funcionamento e dos mecanismos de control das diferentes liñas de formación
- ▶ Mato anunciou que o novo procedemento de control de axudas públicas reforzará as inspeccións presenciais das accións formativas a través da posta en marcha dun sistema de pegada dixital
- ▶ Este sistema implantarase xa na orde de formación para desempregados, que se publicará este mes, para dar maior seguridade e garantir que a formación chega á totalidade de alumnos e que se imparten a totalidade de horas
- ▶ Ademais, prohibírase expresamente na orde de formación para desempregados a subcontratación dun servizo externo docente por unha empresa, é dicir, só se poderán contratar a persoas físicas para impartir os cursos
- ▶ Este segundo reforzo nos mecanismos de control limitará aínda máis a posibilidade de vinculación entre empresas e se porá en marcha tamén este mes
- ▶ Outra das medidas do manual avanzadas pola conselleira é o incremento do control da xustificación das axudas que terá que vir avalada por un auditor rexistrado
- ▶ Mato destacou que o obxectivo é que "nin un só euro para a formación poda ir destinado a outros fins"

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2014.- A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, anunciou no Parlamento que a Xunta está ultimando a implantación dun manual para o procedemento de control de subvencións que reforzará a partir de xaneiro as inspeccións na formación. A titular de Trabajo avanzou as principais medidas deste manual durante a súa comparecencia, a petición propia, na Cámara galega para dar conta do funcionamento e dos mecanismos de control das diferentes liñas de formación.

Mato destacou que os mecanismos de controis actuais funcionan, xa que hoxe en día todos os cursos están inspeccionados, aínda que resaltou que o Goberno galego quere "dar un paso máis" reforzando o sistema para ofrecer aínda máis garantías, dado que o obxectivo é que "nin un só euro para a formación poida ir destinado a outros fins". "Desde a chegada deste Goberno temos a seguridade de que todas as liñas de formación contan con mecanismos de control in situ, aínda que os reforzaremos", subliñou.

Deste xeito, a titular de Trabajo avanzou tres das principais medidas do manual. En primeiro lugar, avanzou que se incrementarán os controis presenciais para o seguimento das accións formativas, coa posta en marcha dunha plataforma informática, que estará xestionada desde a Consellería, e que permitirá facer un seguimento vía electrónico. Este mecanismo incluírase este mesmo mes na orde de formación para desempregados, que se publicará nas próximas semanas.

O control realizarase a través dun sistema de pegada dixital que se esixirá a todos os alumnos e alumnas á entrada da acción formativa. Isto permitirá ter unha maior seguridade de que se ofrecen a totalidade das horas da acción formativa á totalidade dos alumnos matriculados nestes programas.

Límites á vinculación entre empresas

En segundo lugar, Mato sinalou que este mesmo mes tamén, na orde de formación para desempregados, prohibírase expresamente a contratación dun servizo docente



por parte dunha empresa. Así, só se poderán contratar a persoas físicas para impartir docencia, ben sexa como autónomos ou como traballadores por conta allea.

A conselleira resaltou que con este mecanismo o que se pretende é poñer máis límites á posibilidade de vinculación entre empresas. Ademais, na xustificación dos docentes, esixírase a documentación relativa á Seguridade Social e o comprobante de que a nómina estea efectivamente pagada.

Auditoría da conta xustificativa

Por último, e, en terceiro lugar, a titular de Trabajo explicou que outra das medidas do manual para reforzar os controis na formación é incluír a necesidade dunha auditoría de conta xustificativa, é dicir, que se reforzará o control da xustificación das axudas e estas terán que vir avaladas por un auditor rexistrado. Esta medida implantarase de forma gradual en diferentes fases ao longo de 2015 e 2016.

Paralelamente a estas medidas, Mato anunciou, así mesmo, que a Consellería xa iniciou as investigacións relativas ás subvencións en materia de formación correspondentes aos anos anteriores a 2010 comezando polos programas integrados de emprego.

Mato resaltou, así mesmo, que a posta en marcha de novos

mecanismos de controis na formación non é un feito novo para o Goberno galego, xa que lembrou que a Consellería de Trabajo e Benestar creou en 2009 o Servizo de Control e Verificación de Fondos, que ata daquela non existía; incrementou o persoal destinado ao control dos fondos de formación; e ordenou inspeccionar os programas integrados de emprego. Polo tanto, deixou claro que foi o Goberno actual da Xunta o que creou os mecanismos de control para que todas as liñas de formación se inspeccionasen. "Foi este Goberno o primeiro que inspeccionou os programas integrados, fomos os primeiros que denunciámos irregularidades á Fiscalía e seremos tamén os primeiros en reforzar os mecanismos de control", subliñou.

En definitiva, a titular de Trabajo e Benestar concluíu afirmando que o Goberno galego "non tolerará un mal uso dos fondos públicos, nin que os cartos destinados a mellorar a formación dos galegos e galegas se destinen a outros fins". Para Mato é importante non "demonizar" a formación e, así, anunciou que a Xunta seguirá apostando por estes programas aos que destinará en 2015 un total de 66 millóns de euros, un 4,5 por cento máis que neste exercicio, á formación para persoas desempregadas, ocupadas e para os programas integrados de emprego.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20141204/AnuncioCA05-271114-0007_gl.pdf



A Xunta e a Inspección de Traballo reforzarán os seus controis en 2015 a través da realización máis de 37.000 actuacións

- ▶ Así se acordou na Comisión de coordinación entre ambas administracións, unha xuntanza que foi presidida pola conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato
- ▶ O obxectivo de todas as medidas é "protexer aos cidadáns e a aqueles que cumpren coa legalidade"
- ▶ As 37.547 ordes de servizo previstas organizaranse en catro áreas: prevención de riscos laborais, emprego e relacións laborais, seguridade social, e economía irregular
- ▶ Ademais, no próximo exercicio reforzase a coordinación entre a administración autonómica e estatal a través da creación dun grupo de traballo especializado na loita contra o traballo non declarado.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2014.- A Xunta e a Inspección de Traballo, dependente do Estado, reforzarán os seus controis de cara ao próximo ano co fin de seguir avanzando "na protección dos cidadáns e daqueles que cumpren coa legalidade". Para conseguilo, veñen de programar máis de 37.000 actuacións de cara ao próximo ano, un 0,5% máis que en 2014.

Así se acordou na reunión da Comisión de coordinación entre ambas administracións, un encontro que foi presidido pola conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e que ten como obxectivo reforzar a coordinación e colaboración nas medidas a implementar nos próximos meses.

Segundo explicou Mato, o obxectivo que inspira todas e cada unha das medidas é a "protección" de traballadores e empresarios, xa que considerou que esta é "unha materia moi sensible que afecta ao benestar dos cidadáns".

En concreto, en 2015 están previstas 37.547 ordes de servizo, que se articularán ao redor de catro áreas: a prevención de riscos laborais, o emprego e as relacións laborais, a seguridade social, e a economía irregular.

No primeiro dos eixos, destinado a garantir a seguridade e saúde no traballo, están programadas 4.600 ordes de servizo, o 18 por cento do total. Prestarase especial atención aos sectores de alto risco, como a construción ou a pesca.

A segunda das áreas céntrase no emprego e as relacións laborais. Actualmente, está en marcha un Plan para o control da correcta utilización dos contratos formativos e das prácticas non laborais en empresas, así como tamén se persegue a fraude na contratación. Para cumprir este obxectivo, fixéronse máis de 1.000 ordes de servizo, un 4,6% máis que este ano, e que supoñen un 16% do total das actuacións. Cabe destacar que estes dous primeiros eixos correspóndense coa competencia autonómica.

A terceira liña de actuación porá o seu acento na ausencia indebida de altas na Seguridade Social, un aspecto "prioritario" xa que leva aparellada "unha inxusta e inaceptable" desprotección laboral dos traballadores, destacou Mato. Están previstas máis de 7.500 ordes de servizo, un 16% máis que en 2014. Representan o 20% das preto de 38.000 actuacións programadas.

Xa por último atópase o eixo que concentra un maior número de ordes (o 42,3%), que é o referido á loita contra a economía irregular. En concreto, inclúe máis de 13.000 actuacións, un 2,5%

máis que en 2014. Neste apartado, farase fincapé no control dos contratos a tempo parcial, para evitar "contratos fraudulentos por horas a traballadores que realizan xornadas completas".

Ademais, e como nos anos anteriores, velarase por un "estricto control e cumprimento" das condicións recollidas nos Expedientes de Regulación de Emprego, especialmente naqueles de suspensión ou redución de xornada.

Grupo de traballo

Mato recordou que Galicia conta cun Plan contra o traballo non declarado, que foi deseñado "de forma complementaria e coherente" co Plan nacional contra o emprego irregular e a fraude na seguridade social.

No marco deste programa, este mesmo ano deuse un "importante paso" firmando co Ministerio de Emprego e Seguridade Social un convenio co obxectivo de reforzar a coordinación.

Ao longo de 2015, está previsto desenvolver o contido deste convenio a través da creación dun grupo de traballo especializado na loita contra o traballo non declarado, entre outras medidas.

<http://rse.xunta.es/>

A Xunta fomenta a responsabilidade social empresarial entre o sector tecnolóxico galego a través dunha guía de boas prácticas

- ▶ A publicación contén información sobre os obxectivos que achega a tecnoloxía á RSE e como alcanzalos
- ▶ Esta guía súmase ás que xa se teñen publicado no eido do RSE en sectores estratéxicos como o téxtil, o conserveiro, a automoción e a madeira.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2014.- A Xunta de Galicia vén de elaborar a "Guía de boas prácticas de RSE do sector TIC galego", que presentaron en Santiago a directora xeral de Traballo e Economía Social, Carmen Bouso, e a directora

da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Mar Pereira. O documento pretende responder ao que significa a responsabilidade social empresarial (RSE) para o sector TIC galego, como alcanzala e que aporta a tecnoloxía á RSE.

A guía forma parte do traballo que se vén realizando este ano para impulsar e fomentar a visibilidade e difusión das iniciativas implantadas en materia de RSE por parte das empresas do sector TIC, un dos obxectivos do protocolo de colaboración para a promoción da RSE nas empresas do sector tecnolóxico asinado entre a Consellería de Traballo e Benestar, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e as asociacións representativas do sector TIC.



Galicia pechou o mes de novembro con 2.205 accidentes laborais

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2014.- O total dos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia en novembro de 2014 aumentou un 13,66%. Neste mes rexistráronse 2.205 accidentes fronte aos 1.940 accidentes rexistrados no mesmo mes do ano anterior.

Do total dos accidentes, 2.164 foron accidentes leves, 37 graves e 4 mortais.

O comportamento dos sectores non foi uniforme: diminuíron os accidentes na agricultura nun 8,94%, aumentando nos demais

- ▶ O número total de sinistros ata este mes aumentou en relación ao mesmo período do ano pasado nun 3,4%
- ▶ Os accidentes diminuíron na agricultura nun 8,94%

sectores. Os accidentes aumentaron: na pesca nun 4,17%, nos servizos nun 11,47%, na industria nun 19,50% e na construción nun 25,10%.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas continxencias profesionais cubertas.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral en Galicia, aumentou un 12,59% en novembro deste ano respecto ao mesmo mes do ano anterior. Por sectores, diminuíu a incidencia na agricultura nun 7,14%. Nos demais sectores, os aumentos foron: na pesca nun 7,56%, nos servizos nun 9,49%, na industria nun 20,20% e na construción nun 26,09%.

Accidentes acumulados ata novembro

A sinistralidade laboral aumentou un 3,40% ata novembro deste ano, cun total de 21.501 accidentes laborais fronte aos 20.794 no mesmo período do ano 2013.

Agás en Pontevedra, este aumento dos accidentes laborais deuse en todas as provincias. Aumentaron os accidentes: na Coruña nunha porcentaxe do 6,90%, en Lugo nun 11,22% e en Ourense nun 5,91%. Os accidentes diminuíron en Pontevedra nun 4,54%.

<http://issga.xunta.es/portal/contido/observatorio/estadisticas/>

Informe do paro rexistrado

Galicia pecha o mes de decembro cun total de 251.918 persoas en situación de desemprego

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2014.- Galicia rexistrou no mes de decembro un total de 251.918 persoas desempregadas, o que supón un incremento do 1,32% (+3.286). No que se refire á evolución anual –de xaneiro a decembro– o desemprego baixou en Galicia en 29.159 persoas, o que a converte na terceira comunidade autónoma na que máis descendeu o paro rexistrado en termos relativos.

En canto á evolución interanual -de decembro a decembro-, esta rexistrou unha baixada do 7,06% (-19.145). Trátase, polo tanto, da décimo cuarta baixada

interanual consecutiva, o que supón que “estes descensos xa se levan rexistrando de forma continuada durante máis dun ano”.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz, considerou o dato do aumento do paro no mes de decembro como “negativo”, e lembrou que é un mes onde habitualmente se rexistran incrementos do desemprego.

Grazas a esta evolución, Galicia rematou o 2014 con niveis de paro inferiores aos que se rexistraron en 2013, en 2012 e en 2011. “Volvemos ás cifras de hai tres anos”, subliñou a responsable autonómica. Cabe

destacar, ademais, que en termos intermensuais trátase do mellor comportamento dun mes de decembro de toda a serie histórica (desde 1996) en termos relativos.

En España, o desemprego descendeu en 64.405 persoas, un 1,43 por cento, ata situarse nos 4.447.711. En termos interanuais, o paro en España baixou nun 5,39%. Deste xeito, Galicia sitúase por riba da media estatal a nivel interanual.

